

Mestre Ferrador

A principios do século XX, Galicia exportaba uns 10.000 équidos cada ano. As feiras de Santos en Monterroso ou As San Lucas de Mondoñedo eran un referente en toda a península. Os resistentes cabalos galegos vendéronse para sacar carbón das minas francesas na Revolución Industrial ou para formar parte do exército inglés nas guerras coloniais. Daquela, o cabalo representaba a forza motriz, o transporte de mercadorías, a capacidade de arar a terra pero tamén a posibilidade de ir buscar o médico cando alguén o precisaba, o cura, a autoridade... Aqueles cabalos e eguas eran moito máis que gando e o seu rendemento e o de toda a empresa familiar, nesa vida de moito traballo e pouca comida, dependía, en moi gran medida, da Arte do FERRADOR.

Hoxe, Galicia conta con case o 20% de todos os cabalos do Estado español e conserva, posiblemente, o sistema de cría máis antigo de toda a Europa. O seu comercio, para calquera finalidade, ten un escaso rendemento económico. A paixón polos cabalos de deporte, de monte, de compañía... fai que aínda, no século XXI, un oficio tan tradicional como o de ferrador sexa unha saída profesional viable.

“Mestre ferrador” é un documental de 40,25 min que narra a vida e a arte do ferrador Antonio Pérez Gregorio da Cañiza (Pontevedra) no seu propio taller de traballo. El mesmo, con case 94 anos, relátanos a súa dilatada experiencia como ferrador desde os 14 aos 88 anos (momento no que falece a súa muller), comezando no taller dos seus pais e tíos, pasando polo servizo militar (onde se seguiu formando como mestre ferrador) e rematando no seu propio taller (un lugar con sala de espera, forxa e potro incluído). Cántanos, dende a súa puída e ben experiente técnica de ferraxe, a súa vida militar como ferrador, a comparación entre as ferraduras que facía el (incluso as ortopédicas) e as que se facían ou fan de fábrica, os problemas e virtudes dos cascós dun cabalo de Pura Raza Galega, ata o funcionamento e partes da fragua e do potro.

Este documental xurdiu a partir dunha entrevista que Fernando Groba Bouza, un doutorando da Universidade de Vigo do programa de doutoramento en ESTUDOS LINGÜÍSTICOS, lle fixo con motivo da súa tese que versa sobre terminoloxía e lexicoloxía equina en galego. A singularidade desta historia e deste home, levaron a este investigador a procurar os medios necesarios para recoller un testemuño da cultura popular tan interesante como enriquecedor. Foron a Asociación de Criadores de Cabalos de Pura Raza Galega (Puraga) e o Concello da Cañiza as institucións que se preocuparon por que este traballo se tornase realidade. Puraga foi quen financiou o proxecto e o Concello, logo de ver o resultado final, quen está a facer os recoñecementos necesarios e a difusión.

O vídeo será presentado no acto de entrega do Petelo de Ouro ao mesmo Antonio Pérez Gregorio, unha distinción honorífica do Concello cañicense que trata de condecorar un persoeiro cunha traxectoria vital e profesional verdadeiramente destacable. Ademais, tamén vai ser nomado Cañicense Exemplar, algo que aínda non sucedera. Un recoñecemento que, segundo din os responsables desta institución, é incluso maior. O

acto de cerimonia será este sábado día 5 de marzo de 2016 na Casa da Cultura da Cañiza ás 20 h.

O Concello da Cañiza difundirá e facilitará un exemplar do documental a todas as persoas que estean interesadas de forma gratuíta.

Lugar: A Cañiza

Data: 09/03/2015

Dirección, produción e guión: Fernando Groba Bouza e Antón Vázquez Corral

Edición e montaxe: Óscar Moreira

Produción executiva: Asociación de Criadores do Cabalo de Pura Raza Galega (Puraga)

Duración: 40,25 min.

Depósito Legal: VG 149-2015